

PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA O REXISTRO DUNHA ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES NO RAE-UDC.

- As asociacións deberán estar constituídas válidamente conforme as disposicións legais vixentes en materia asociativa e o [Regulamento](#) de Asociacións de Estudiantes, aprobado polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2005 e modificado o 26 de novembro de 2009.
- Será requisito imprescindible que a devandita constitución se materialice xuridicamente mediante unha Acta Fundacional, en documento público ou privado, no que consten de maneira inequívoca os aspectos indicados no artigo 6 do Regulamento.
- A denominación da Asociación de Estudiantes de A Coruña, así como as súas siglas, deberán ser o suficientemente individualizadas como para que non se induza a erros respecto de outras Asociacións de Estudiantes rexistradas.
- Para ser recoñecida como asociación de estudantes da Universidade da Coruña, deberase proceder á súa **inscrición no RAE - UDC**, e isto será requisito imprescindible para optar á concesión de **axudas** da Vicerreitoría de Estudiantes.
- Previamente deberase dar de alta no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia (solicitude a través da **Consellería de Xustiza** [Constitución dunha asociación - Portal da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes \(xunta.gal\)](#))
- Unha vez enviada a solicitude de inscrición na Xunta, poderanse iniciar os trámites para solicitar a inscrición no RAE-UDC.
- Documentación necesaria para **inscrición no RAE** (será enviada a través do rexistro UDC, dirixida á Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Empregabilidade):
 - o [Solicitude de inscricion no RAE-UDC.](#)
 - o Copia da solicitude de inscrición no Rexistro de Asociacións competente.
 - o Copia da Acta Fundacional.
 - o Copia dos Estatutos da Asociación (elaborados segundo se indica no artigo 7 do Regulamento).
 - o [Composición da Xunta Directiva](#) xunto coa copia dos DNI's. No caso de que esta composición sufra algunha modificación, será comunicada o Servizo de Estudiantes mediante este mesmo impreso.
 - o [Autorización](#) da/o Presidenta/e para publicar os datos da Asociación na web.



- Copia NIF asociación (se non o teñen solicitado, deberán proceder a solicitalo e posteriormente envialo ao Servizo de Estudiantes)
 - Certificación bancaria dunha conta a nome da asociación.
(Estes dous últimos documentos, non son imprescindibles para a inscrición no RAE-UDC segundo o regulamento, pero si son obrigatorios no caso de que a asociación solicite as axudas da Vicerreitoría de Estudiantes).
-
- A inscrición da Asociación no RAE-UDC procederá, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos, tras resolución da Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Empregabilidade.
 - Despois da inscrición dunha Asociación no RAE-UDC, comunicaráselles ás persoas interesadas o número de rexistro que lles corresponde.
 - Anualmente, entre o 1 de setembro e o 31 de outubro, segundo consta no Regulamento, cada asociación deberá comunicar á Vicerreitoría de Estudiantes, a actualización de datos a través dunha [declaración da/o seu Presidenta/e](#) e entregar unha memoria de actividades, así como a xustificación dos gastos derivados das actividades da asociación, para aquelas que solicitaran a axuda da Vicerreitoría segundo a correspondente convocatoria.
 - No caso de que unha asociación desexa disolverse, debe remitirnos debidamente cuberto e asinado, un certificado de disolución ([modelo](#)) e, comunicarnos, segundo indican o regulamento de asociacións estudiantís e os estatutos de cada asociación, o destino dos bens patrimoniais se os houbera.